



RUTA 5: DO CASTRO DA TORRE



Esta ruta comeza na Ferrería Nova, preto de Seoane do Caurel por un camiño en costa que sube ó carón da estrada principal e dende o cal se pode ver o río mentres se ascende por un sendeiro repleto de arbustos. Logo dun quilómetro, comézase a descender ata chegar a un pequeno souto o cal se atravesa. Uns metros máis adiante atópase unha pequena ascensión en dirección a Mercurín. Mercurín que está a case 800 metros de altitude é unha aldea enxebre do Caurel con casas tradicionais feitas con lousa e madeira de castiñeiro e con rúas estreitas e empinadas. Posúe un dos soutos máis senlleiros da zona xa que debido o cesamento da súa explotación converteuse case nunca fraga na que os castiñeiros se mesturan con carballos, acivros e abeleiras. Tamén é famoso o seu aciñeiral polo que continua o percorrido da ruta en dirección ó Castro da Torre que está a 5 quilómetros e medio de distancia. A ruta discorre nos primeiros quilómetros por camiños de terra entre árbores e prados. Exceptuando un pequeno ascenso polo cauce dun regato, na súa maioría o camiño é en pendente costa abaixo. Pouco antes de chegar ó castro atrávesase un piñeiral. Ascéndense uns metros por un sendeiro empinado ata o asentamento do Castro da Torre. Dende o alto pódese desfrutar das vistas dos picos das montañas (Formigueiros), da devesa da Rogueira e do Miradoiro de Palín.



O Castro foi construído entre o século II a.C. e o IV d.C. Conta cunha torre de vixilancia, unha escaleira e un foso defensivo.



Ainda se poden ver os restos das vivendas, algunhas restauradas e o seu perímetro delimitado pola muralla. Continúa o camiño e xírase á esquerda para andar uns 100 metros pola estrada principal ata coller un desvío á dereita en dirección a Ferreiros de Abaixo.



Trátase dunha baixada longa e en pendente por un sendeiro estreito que leva a Ponte das Arandainas. Nada máis cruzar a ponte comeza un pequeno ascenso.



O camiño segue ó lado dun muro de pedra paralelo á estrada principal. Uns metros máis adiante recupérase un camiño asfaltado que pasa ó carón da cantina do Pontón de Ferreiros de Abaixo a rentes do río Veiga. A ruta segue polo antigo camiño a Seoane que remonta as casas da aldea e vai paralelo ó río Lor durante case cinco quilómetros. Os primeiros dous quilómetros ascéndese de xeito suave ata a Pena do Escribano onde se atopa unha área de descanso que ofrece vistas ós pobos de Mercurín, Ferrería e Seoane.



A partir deste punto comézase a baixar en dirección á Ferrería Nova durante tres quilómetros aproximadamente por un camiño repleto de aciñeiras e espiños. Chégase á Ferrería Nova que está na desembocadura do Río Pequeno e do Río Lor.

Alí atópase a Ferrería Locay que foi construída no 1808 para transformar o ferro orixinariamente e agora é unha mostra da arquitectura popular. Destaca a altura do seu banzado en forma de torreón de case dez metros de altura e os seus muros de granito e pizarra. Aquí remata a ruta ó carón da estrada principal que vai ata Seoane do Caurel.



Ruta da Castro da Torre